



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

RESOLUCIÓN

En Outes, o 9 de outubro do 2015, o Sr. alcalde do Concello, D. Carlos E. López Crespo, dita a seguinte resolución:

Consonte os artigos 21.3, e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais (Rd 2568/1986, do 28 de novembro),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar a resolución do 15.06.2015, no apartado tocante ás delegacións especiais da Alcaldía, como consecuencia do falecemento do concelleiro Sr. Rama Vázquez e a incorporación da concelleira Sra. Gosende Castelo, no sentido seguinte:

1. Nomear concelleiros-delegados especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos en materia de:

- muller, igualdade e educación, a Da. Juana Lago Prol.
- medio ambiente e desenvolvemento rural, a Da. Guadalupe Gosende Castelo.
- xuventude, voluntariado, asuntos do mar e de turismo, e loita contra os lumes forestais, a D. Andrés Castro Abelleira.

2. Nomear concelleiros delegados especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos nas parroquias do municipio a:

- Da. M^a Beatriz Molinos Vidal para as de Cando e Tarás.
- Da. M^a do Carme Leis Buján para a de Santo Ourente de Entíns.
- D. Manuel J. García Fiuza para a de Sta. María de Entíns.
- Da. Juana Lago Prol e D. Andrés Castro Abelleira para a de Outeiro.
- D. Manuel J. García Fiuza e D. Andrés Castro Abelleira para a de Roo.
- D. Tomás Gosende Cambeiro para as de Matasueiro e Outes.
- Da. Guadalupe Gosenda Castelo para a de Valadares.

A Alcaldía retén as tarefas de atención específica e supervisión de servizos públicos na parroquia de Sabardes.

SEGUNDO.- Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina dixital da Corporación, e no Boletín Oficial da Provincia.

O ALCALDE,